

TRABALLO DE REFORZO DE MATEMÁTICAS - 1º ESO

CURSO 2009-2010 -(entregar o día do exame)

NOME

DIVISIBILIDADE E NÚMEROS ENTEIROS

Criterios de avaliación:

- Utilizar adecuadamente os conceptos de divisibilidade para resolver problemas de múltiplos e divisores dun número.
- Empregar o algoritmo de cálculo do máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de varios números e utilízalo na resolución de problemas sinxelos.
- Aplicar o concepto de valor absoluto para comparar números enteiros.
- Dada unha serie de varios números enteiros de distinto signo, é capaz de ordenalos.
- Sumar, restar, multiplicar e dividir números enteiros, aplicando as súas propiedades.
- Resolver exercicios de operacións combinadas con parénteses e corchetes utilizando os criterios de prioridade das operacións.

1. Calcula :

- a) Os divisores de 72
- b) Os múltiplos de 8 comprendidos entre 70 e 100

2. Substitúe a en o nº 2776a de tal xeito que:

- a) sexan divisibles por 2 pero non por 3
- b) sexan divisibles por 3 pero non por 9
- c) sexan divisibles por 11
- d) sexan divisibles por 4

3. Pescuda o número cuxa descomposición factorial é:

- a) $2^3 \cdot 3^2 \cdot 5^2 =$
- b) $2 \cdot 3^2 \cdot 5^2 =$

Razoa se a é divisor ou múltiplo de b.

4. Calcula : m.c.d. (375, 180 e 120) =

Calcula: m.c.m. (180, 90 e 360) =

5. Realiza as seguintes operacións:

- a) $(49 : 7 + 3) \times (3 \times 5 - 4 : 2) =$
- b) $15 + 6 \times 7 - (12 - 36 : 4 + 3 \times 7) =$

6. Para unha exhibición deportiva, os nenos dunha clase deben formar filas de 8 e de 12 sen que sobre nin falte ningún. Cal é o número mínimo de nenos que debe haber na clase?

7. Completa:

$$|-3| = \underline{\quad}$$

$$|+5| = \underline{\quad}$$

8. Compara os valores absolutos e completa:

$$|+3| \dots\dots | +2| \quad \text{xa que} \quad \dots\dots < \dots\dots$$

$$|-6| \dots\dots |-3| \quad \text{xa que} \quad \dots\dots > \dots\dots$$

$$|-5| \dots\dots |+8| \quad \text{xa que} \quad \dots\dots < \dots\dots$$

$$|+4| \dots\dots |-9| \quad \text{xa que} \quad \dots\dots < \dots\dots$$

9. Descubre os números que faltan:

$$(+4) - \dots\dots = (+11) \quad (-7) - \dots\dots = (-4)$$

$$\dots\dots + (+7) = (-5) \quad \dots\dots - (-3) = (-6)$$

$$(-10) + \dots\dots = (+2) \quad (-2) - (-16) = \dots\dots$$

$$\dots\dots - (-6) = (+12) \quad \dots\dots + (+9) = (-17)$$

10. Sitúa na recta numérica :

- un nº enteiro tres unidades maior que -2
- un nº comprendido entre os que teñen de valor absoluto 1

11. ¿Qué número ten por valor absoluto 5 e encóntrase á esquerda do cero na recta real.

12. Completa:

a) $op(\underline{\quad}) = -7$

b) $op(\underline{\quad}) = 11$

c) $op(-7) + op(\underline{\quad}) = 16$

13. Representa os seguintes números na recta real: -4, 0, 5, -1, 2. ¿Cal é o menor? ¿Cal é o maior?

14. Escribe os números que faltan:

• $7 + (-1) = op(\dots\dots)$

• $3 + op[op(\dots\dots)] = 0$

15. Realiza as seguintes sumas de números enteiros suprimindo parénteses

• $(15 - 9) - (-7 + 13) =$

• $-11 + (-14 + 6) - (-5 + 23) =$

• $-[-3 - (5 - 6) + (7 - 4)] + 21 - 23 =$

• $-2 + (-7 + 8) - (-5 + 3) - 6 - (1 - 4) =$

• $4 + 7 - (5 - 2 + 1 - 4) - (-3 + 8 - 4) + (-2 + 6) =$

• $(-3 + 8 + 4) + [5 - (-3 + 9)] - 4 - (7 + 9 - 3) =$

• $5 - [4 - (-2 + 7) - 3] + 4 - (8 - 5) - [-(-2 + 6 + 4) + 5] =$

• $-23 - (2 + 6 - 5) =$

• $-(-1) - (-35 + 16) - (-8 + 29) =$

• $[18 + (-2)] - (-22 + 6) =$

• $3 + [-6 - 4 + (-2) - (-10)] - 4 =$

• $-[2 - (4 - 3) + (6 - 7)] + (11 - 14) =$

16. Realiza as seguintes operacións

$$[18 + (-4)] - [-(3-7) + 3 - 5 + 2 - (-30)] =$$
$$-[5 - (9+2) + (3-7)] - 6 =$$

$$-(27 : (-9) + 5) - (-15 \cdot 2 + 12 \cdot 3) =$$

$$-15 + [(-32) : 8] - (-6 \cdot 4 + 20) =$$

$$[12 + (-16) : 8] + [-15 + (-20) : (-4)] =$$

$$[12 + (-16) : 8] + [-15 + (-20) : (-4)] =$$

$$47 + [-5 \cdot 9 + (-16) : 4 + 4 =]$$

$$[(-10) \cdot (-5+5)] + 3 \cdot (5-9) - (12-15) : (2-3) =$$

$$(18+3) : (-3) + 5 \cdot (4+2-6) - 3 + (2-7) - [(-8) + (-4)] : (-4)$$

17. A principios do mes pasado, Sara tiña 48 € na súa cartilla de aforros. A primeira semana os seus país ingresáronlle 30 €, e os seus avós, 50 €. A segunda semana, Sara sacou 25 € para comprar un libro, e a última sacou 12 € máis para un agasallo. Calcula canto diñeiro lle queda ao finalizar o mes.

18. Nunha fita de música gravaches catro cancións de 3 minutos e catro de 4 minutos e borraches dúas de 5 minutos. Se repites catro veces este proceso, cantos minutos hai gravados na cinta?

19. A nai de Marta, que é mergulladora, está adestrando somerxida nunha piscina a 382 cm de profundidade, mentres Marta a observa subida a ombros do seu pai, que mide 183 cm. Que distancia hai entre Marta e a súa nai? Nota: considéranse desprezables as medidas da cabeza de Marta á do seu pai, do bordo da piscina, etc.

20. Expressa o número 32 como o produto de 8 por unha suma de dous sumandos enteiros. Comproba o resultado utilizando a propiedade distributiva.

21. Escribe o número -72 como produto de -8 por unha suma de dous sumandos de distinto signo.

POTENCIAS E RAÍZ CADRADA

Criterios de avaliación:

- Operar con potencias de base enteira y expoñente natural.
- Resolver exercicios de operacións combinadas utilizando os criterios de prioridade das operacións.
- Aplicar o algoritmo habitual para calcular la raíz cadrada exacta o enteira.

1. Calcula :

$$(-3)^3 \cdot (-3)^2 \cdot (-3) \cdot (-3)^4 =$$

$$[(-5)^2]^3 : [(-5)^3]^2 =$$

$$8 \cdot 2^4 \cdot 2 \cdot 2^6 \cdot 16 =$$

$$(7^5 : 7)^2 : (7^3 : 7^2)^2 =$$

$$(10^7 : 1000) \cdot 10^5 =$$

$$(5 \cdot 2^3 \cdot 11)^4 =$$

$$25^2 \cdot 5^4 \cdot 125 \cdot 5 =$$

$$(-7)^2 \cdot 49 \cdot (-7)^3 \cdot (-7)^4 =$$

2. Calcula o valor:

$$1^8 \cdot 9^0 \cdot 2^2 =$$

$$3 \cdot 10^3 + 2 \cdot 10 + 5 \cdot 10^0 =$$

$$(3+2)^2 + 5^2 =$$

$$3 - 2^3 : 4 =$$

$$(6+4)^5 =$$

$$12 - (3+1)^2 - 3^4 =$$

$$8^5 : 4^5 =$$

$$(-3)^2 \cdot (-1)^5 \cdot (-6)^0 =$$

3. Completa con $>$, $<$ o $=$

$$8^2 \text{ _____ } 2^6$$

$$(5+3)^2 \text{ _____ } 5^2 + 2^2$$

$$10^4 \text{ _____ } 100000$$

$$1^7 \text{ _____ } 7^1$$

$$5^6 \text{ _____ } 25^3$$

$$4^3 \cdot 2^3 \text{ _____ } 8^3$$

$$(-3)^3 \text{ _____ } 9 \cdot (-3)$$

4. Completa o termo que falta:

$$(5 \cdot \text{_____})^4 = 10^4$$

$$(3 \cdot 7)^{\text{--}} = 21^3$$

$$(2^{\text{--}} \cdot 5^{\text{--}} \cdot 3^{\text{--}})^3 = 2^3 \cdot 5^9 \cdot 3^6$$

$$(\text{_____})^{\text{--}} = -8$$

5. Acha o valor das seguintes expresións:

$$(-5)^3 =$$

$$-3^4 =$$

$$(-3)^2 =$$

$$-2^5 =$$

$$6^2 + (-6)^2 =$$

$$2^3 + (-2)^3 =$$

$$-2^2 \cdot 2^3 =$$

9. Calcula as seguintes raíces cadradas.

$$\sqrt{56721}$$

$$\sqrt{145609}$$

10. Completa: $121 < \text{_____} < 144$

$$\sqrt{\text{_____}} = 11 \text{ resto } = \text{_____} - 121 = 6$$

6. Expressa como potencia única e acha o valor

$$(-2)^7 : (-2)^3 =$$

$$(-3)^5 : (-3)^3 =$$

$$(-3)^3 \cdot (-3) \cdot (-3)^0 =$$

$$(10^2)^3 =$$

$$12^5 : 6^5 =$$

$$(-5)^3 \cdot (-2)^3 =$$

7. Expressa como unha potencia:

$$(-3)^4 : 9 =$$

$$(-2)^2 \cdot (-2)^3 \cdot (-2)^5 =$$

$$(-4)^3 \cdot (-4)^4 \cdot (-4)^2 =$$

$$(-4)^3 \cdot (-3)^3 \cdot (-5)^3 =$$

$$(-42)^2 : 3^2 =$$

$$[(-4)^2]^3 =$$

$$(3^2)^5 \cdot 3^6 \cdot 81 =$$

8. Reduce

$$(1^3)^5 \cdot (1^1)^3 =$$

$$[(-12)^4 : 6^4]^3 =$$

$$((-4)^3)^4 : ((-2)^6)^2 =$$

$$[(-3)^2 \cdot (-3)^3 \cdot (-3)^2] : (-3)^3 =$$

$$[(-2)^2 \cdot (-2)^3] : (-2)^2 =$$

$$[(-5)^2 \cdot (-5)^3] : [5^3 \cdot (-5)^2] =$$

FRACCIÓNS

Criterios de avaliación:

- Resolver situacións en que la fracción actúa como operador.
- Calcular fraccións equivalentes a unha dada.
- Comparar e ordenar fraccións.
- Sumar, restar, multiplicar e dividir fraccións simplificando o resultado o expresar como número mixto.
- Coñecer a xerarquía das operacións e aplicala en operacións combinadas.
- Resolver e expresar con claridade os resultados dos problemas.

1. Unha persoa investiu en Bolsa primeiro $\frac{3}{5}$ do seu capital e logo os $\frac{2}{9}$. Se dispoñía de 45.000 euros: Que cantidade de cartos investiu en cada momento?

2. Escribe cunha fracción:

- a) A fracción de ano que representan 4 meses.
- b) A fracción de día que representan 10 horas.
- c) A fracción de hora que representan 12 minutos.

3. Calcula o valor, expresando o resultado como fracción irredutible ou nº mixto

$$3\frac{1}{4} + \frac{4}{5} - \frac{5}{12} =$$

$$\left(2 - \frac{2}{3}\right) + \left(\frac{1}{4} : 3\right) + \left(\frac{1}{6} \cdot 4 \cdot \frac{2}{3}\right) =$$

$$3 - \frac{5}{2} + \frac{3}{4} \div \frac{1}{2} =$$

$$\frac{5}{3} - \left(\frac{3}{4} + \frac{1}{2}\right) + \frac{2}{3} \cdot \left(\frac{1}{2} - \frac{2}{5}\right) =$$

$$\frac{1}{7} - \frac{5}{2} + \frac{3}{4} \div \frac{1}{2} =$$

$$\frac{5}{3} - \left(\frac{3}{4} + \frac{1}{2}\right) + \frac{2}{3} \cdot \left(\frac{1}{2} - \frac{2}{5}\right) =$$

$$\left(\frac{3}{4} \cdot \frac{2}{6} - \frac{1}{5} + \frac{10}{3}\right) \div \left(2 - \frac{1}{15}\right) + \frac{1}{4} =$$

$$\left(3 - \frac{1}{2}\right) \div \left(1 + \frac{1}{15}\right) + \frac{4}{3} \cdot \frac{6}{8} - \frac{3}{2} =$$

$$2 \div \left(\frac{1}{6} + \frac{1}{2}\right) - 3 \div \left(1 + \frac{1}{2}\right) =$$

$$\frac{3}{8} \cdot \left[1 - \frac{3}{5} - \left(\frac{17}{20} - 1\right) \cdot \left(\frac{1}{3} - 3\right)\right] =$$

4. Sácanse as $\frac{3}{7}$ partes de auga dun pozo de 21 litros de capacidade. Desta cantidade resérvase a terceira parte para beber. Que cantidade se reserva para beber? Que fracción representa?
5. Divídese un soar en 3 partes: a cuarta parte para un polideportivo, $\frac{5}{9}$ para edificar pisos e o resto para xardíns. Cal é a menor das 3 partes?
6. Ordena de maior a menor:
 $\frac{2}{8}; \frac{6}{5}; \frac{3}{2}; \frac{4}{6}$
7. Comproba se as fraccións $\frac{6}{8}$ e $\frac{15}{20}$ son equivalentes. Define a propiedade que aplicas.
8. Escribe unha fracción equivalente a $\frac{15}{20}$ por amplificación e outra por simplificación .
9. Álvaro e Eli deciden mercar unha casa cuxo valor é de 360 mil euros. Antes da entrega de chaves teñen que pagar 90 mil euros. Que fracción de cartos han de pagar? Exprésaa como fracción irreducible
10. Nun partido de fútbol, Xoán meteu $\frac{2}{3}$ dos goles do seu equipo e Raúl meteu os outros 2 goles.
 Que fracción de goles meteu Raúl?
 Cantos goles meteu Xoán?

NÚMEROS DECIMAIIS

Criterios de avaliación:

- Identificar en un número as cifras correspondentes a cada orde de unidades e coñecer as equivalencias entre elas.
- Ordenar cantidades decimais.
- Transformar fraccións en números decimais exactos o periódicos e números decimais exactos en fraccións.
- Efectuar correctamente sumas, restas, produtos e cocientes con números decimais.
- Realizar equivalencias entre os números decimais, as fraccións e os porcentaxes.

1. O número decimal correspondente á fracción $\frac{6}{8}$ é.....
2. O resultado da operación $4'2 - 3'89 + 23'947$ é.....
3. Pescuda $20'26 \cdot \underline{\hspace{2cm}} = 0'2026$
4. Ordena de maior a menor $0'47 ; \frac{2}{5} ; 0'409 ; \frac{7}{15} ; 0'444....$
5. Intercala dous números entre $0'2$ e $0'3$
6. A porcentaxe que representa o número $0'325$ é.....
7. O nº que ten 4 centésimas menos que $1'2$ é.....
8. Con $3'75$ litros de zume, cantos vasos de $0,27$ litros se poden encher?.....
9. A fracción irreducible do número decimal $0'25$ é.....
10. A porcentaxe que representa $\frac{18}{20}$ é.....
11. As centésimas que ten $13'305$ son.....
12. O número que é 1 décima e 5 centésimas menor que $1'9$ é.....
13. Pescuda $87'6 : \underline{\hspace{2cm}} = 0'00876$

14. A fracción irreducible do 80% é.....
15. O número 7 Um ,25 D, 4 d ,35 m, 8 diezmilésimas é.....
16. Indica o período do número decimal correspondente a fracción 137/33
17. Pescuda 7 - _____ = 3'807
18. En forma complexa 6474'8376 é _____ C _____ D _____ c _____ diezmilésimas
19. As centésimas que lle faltan a 0'7 para chegar á unidade son...
20. Se o dividendo é 20'16 e o cociente 7'2, o divisor é.....
21. Catro décimas = _____ millonésimas
22. $(73'5 : 0'03) - 0'2 \cdot 250 = \dots\dots\dots$
23. Pescuda $94'5 : \dots\dots\dots = 0'00945$
24. O % que representa 0'075 é.....
25. O consumo dun camión durante o primeiro día de viaxe é de 21,77 l; o segundo día é de 15,2 l; o terceiro día de 25,06 l e o último día a metade do que quedaba. Sabendo que o depósito admite 80 l:
 - a) Canto consumiu o último día?
 - b) Que cantidade de combustible lle quedou?

ECUACIONES

Criterios de avaliación:

- Identificar situacións cotiás nas que se empreguen expresións alxébricas.
- Calcular el valor numérico de unha expresión alxébrica.
- Coñecer e aplicar os conceptos de transposición de termos, redución de termos semellantes e despxear a incógnita na resolución das ecuacións.
- Comprobar se a solución dunha ecuación sinxela é válida.
- Resolver problemas mediante ecuacións.

1. Contesta as seguintes preguntas:
 - a) Pódense sumar as expresións alxébricas $2x + 3xz$? Por que?
 - b) Como se restan expresións alxébricas semellantes? Que son expresións alxébricas semellantes?
 - c) Cal é a parte literal e o coeficiente de $3x^2y$?
2. Acha o valor numérico de $x^2 - 3x + 2$ para $x = 2$ e para $x = -1$
3. Expresa en linguaxe alxébrico:
 - a) Un número aumentado en 3
 - b) O cadrado da suma de dous números
 - c) O cadrado do dobre de a
 - d) O triplado dun número
 - e) A sétima parte de un número máis o quántuplo do mesmo
 - f) Dous números pares consecutivos

4. Resolve as seguintes ecuacións

- a. $2x + 3 = 4x + 6x - 24 - 2$
- b. $8 \cdot (3x - 2) - 4 \cdot (4x - 3) = 6 \cdot (4 - x)$
- c. $6x - 9 - 5 \cdot (2x - 3) = 14 - 2x + 6 \cdot (2 - x)$

5. Resolve as seguintes ecuacións

- d. $\frac{2x-3}{5} - 7 = 0$
- e. $\frac{5}{4} - \frac{2 \cdot (x-1)}{3} = x + \frac{3 \cdot (2+x)}{2}$ (explica cada un dos pasos)
- f. $\frac{2x+13}{3} - \frac{6-x}{4} = 1$
- g. $\frac{x-8}{15} = \frac{x-6}{20} - \frac{7}{30}$
- h. $\frac{5x-9}{8} - x = \frac{4x-5}{10} - \frac{9}{2}$
- i. $\frac{3 \cdot (x-5)}{20} = \frac{2x-5}{30}$
- j. $\frac{3x-11}{20} - \frac{5x-1}{14} = \frac{x-7}{10} - \frac{5x-6}{21}$

6. Un poste ten baixo terra a cuarta parte da súa lonxitude, a terceira parte está mergullada na auga e o resto, que está descuberto, mide 5 m. Cal é a lonxitude total do poste?
7. A suma de tres números pares consecutivos é igual ao dobre do maior. Acha os números.
8. Catro gandeiros teñen entre todos 264 vacas. Se o segundo posúe o dobre de cabezas que o primeiro; o terceiro, o triplo que o segundo, e o cuarto, o cuádruplo que o terceiro, Cantas vacas ten cada un?
9. O perímetro dunha piscina rectangular é 92 m. Sabendo que mide 6 m máis de longo que de ancho, calcula ambas dimensións.
10. Se a medida dos tres lados dun triángulo son tres números consecutivos, e o seu perímetro mide 42 cm, canto mide cada lado?
11. Juanjo ten o dobre de idade que Raúl e Laura tres anos máis que Juanjo. Se a suma das súas idades é 38, cal é a idade de cada un?
12. Nas rebaixas comprei tres camisas e dous pantalóns por 175 €. Recordo que o prezo dun pantalón era o dobre que o dunha camisa. Podes axudarme a pescudar o prezo de cada cousa?

PROPORCIONALIDADE

Craterios de avaliación:

- Dados dous números, calcular a súa razón de proporcionalidade.
- Coñecer e aplicar a propiedade fundamental das proporcións.
- Coñecer e calcular os termos dunha proporción.
- Recoñecer se dúas magnitudes son directamente o inversamente proporcionais. Resolver problemas de regra de tres simple directa e inversa


FUNCIONES E XEOMETRÍA

Criterios de avaliación:

- Representar e identificar puntos nos eixes de coordenadas.
- Recoñecer e interpretar enunciados que correspondan a funcións sinxelas da vida cotiá.
- Coñecer e transformar as unidades do sistema sesaxesimal para operar con ángulos.
- Recoñecer distintos tipos de ángulos e calcular ángulos complementarios e suplementarios.
- Aplicar a fórmula do cálculo da lonxitude dunha circunferencia e dun arco para resolver problemas.
- Coñecer a clasificación dos cuadriláteros e dos triángulos.
- Aplicar as fórmulas do cálculo de distancias, perímetros e áreas de figuras planas elementais para resolver problemas relacionados coa contorna.


1. Esta gráfica ilustra o paseo que realizou Luís:

- a) Cales son as variables representadas?
- b) Canto durou o paseo?
- c) Luís atopouse cun amigo e estivo falando un intre con el, cando ocorreu isto?
- d) En que intervalo de tempo camiñou Luís máis rápido? E máis amodo?



2. Dados os puntos: A (3,4); B (-3,4); C (2,-3); D (0,5); E (-2,-3).


- a) Representáoaos no plano cartesiano
- b) Une os puntos en orde alfabética, e o punto E co A, que figura obtés?




3. Calcula os valores dos ángulos indicados con letras, na seguinte figura.





4. Calcula o ángulo complementario de $49^\circ 37' 45''$ e o suplementario de $75^\circ 49' 28''$
5. Nomea os cuadriláteros que posúen estas características:
- Teñen os catro lados iguais e os ángulos non son rectos, pero son iguais dous a dous.
 - Non teñen lados paralelos.
 - Teñen dous lados paralelos e os lados non paralelos son iguais.
 - Teñen os ángulos e os lados iguais dous a dous.
6. A roda dunha bicicleta ten 60 cm de diámetro, Que lonxitude percorre nunha volta? E en 5?
7. Completa:
- a) A rexión do plano formada pola circunferencia e o seu interior chámase.....
- b)é a parte do círculo limitada por unha corda e o seu arco
- c) Sector circular é a parte do círculo limitada por.....e.....
- d) Calquera corda que pasa polo centro chámase
- e) O raio dunha circunferencia é.....
8. Debuxa un heptágono convexo e un eneágono cóncavo sinalando os seus elementos.
9. Calcula o perímetro da figura:





10. Calcula a superficie do marco no cadro que se mostra na figura.





11. Nas seguintes figuras as medidas veñen dadas en dm. Calcula a súa área.




12. Acha a área das figuras seguintes:




13. Nun cadrado, de área 64 cm^2 , áchase inscrito un círculo. Calcula a área do círculo.
14. Un terreo de 15 Ha quérese dividir en zonas de $2\,500 \text{ m}^2$. En cantas se pode dividir?
15. O salón dunha casa mide 5 m de longo e 4 m de ancho. Quérese cubrir con baldosas de 750 cm^2 . Cantas serán necesarias?
16. Nun triángulo isóscele o ángulo desigual mide 70° . Calcula a medida de cada un dos ángulos iguais.
17. Calcula a área das seguintes figuras cuxas medidas veñen dadas en mm:



18. Dunha chapa rectangular recortouse un sector circular, como mostra a figura. Calcula a área do que queda da chapa.



19. Calcula a área do círculo inscrito nun cadrado de área 81 cm^2 .



20. Un estanque circular ten 15 m de diámetro e está rodeado dun carreiro de 75 cm de ancho. Calcula a área do carreiro.
21. Quérese pintar unha parede de $5,6 \text{ m}$ de longo por $3,5 \text{ m}$ de alto, na que hai unha porta de $1,5 \text{ m}$ de ancho por $2,6 \text{ m}$ de alto. Canto custará pintala, se se cobra a $2,3 \text{ €}$ (euros) o metro cadrado?

Na páxina : <http://www.thatquiz.org/es/> podedes atopar mais exercicios para repasar